

77 CONFERENCIAS EN TODO O ESTADO

Galiza coordina os relatorios do Ano da Astronomía

Redacción. A Universidade de Vigo e o CESGA participan no proxecto "Unha universidade, un Universo", que é parte do Ano Internacional da Astronomía, organizado pola Unión Astronómica Internacional baixo o auspicio da ONU e a Unesco.

🕒 14.01.2009 | 13:27

TAGS: ASTRONOMÍA , CESGA , UVIGO ,



Observatorio astronómico en Galiza. CRTVG

O obxectivo é achegar este campo a todos os públicos a través de conferencias nas 77 universidades do Estado. Así, en Galiza haberá relatorios nas tres universidades, en datas e lugares aínda por confirmar. Así o explica a [web de "Unha universidade, un Universo"](#), que está aloxada nos servidores do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

A organización –coordinada por técnicos das universidades de Vigo, Granada e do CSIC– estima que xuntará a máis de 10.000 persoas no conxunto dos 77

relatorios.

O motivo da conmemoración é celebrar as primeiras observacións astronómicas de Galileo Galilei nun telescopio, que serviron para ratificar en 1609 que a Terra non era o centro do Universo.